

## Saídas do Programa Municipal de Conciliación de Verán 2024

Ó longo das diferentes quendas do Programa Municipal de Conciliación do Verán 2024, desde os dous centros nos cales se desenvolve o programa, faremos diferentes saídas, as cales detallamos agora:

- **Saídas os parques da contorna:** disfrutaremos dalgún dos espectáculos programados nos Matinais do Cotarelo (para os usuarios de Monte dos Postes) os cales se levarán a cabo o longo do mes de xullo. Aproveitando a ocasión xa merendaremos neles, ademais de realizar grandes xogos como algunha ximcana, xogos predeportivos ou outros que non podemos facer nas instalacións dos colexios (o pi, o camiño, exploradores ou atrapa a bandeira)
- **Misión imposible polo barrio:** dende cada centro faremos diferentes misións encomendadas, as cales levaremos a cabo na contorna que arrodea o no colexio de referencia. Faremos diferentes probas, resolveremos algún enigma, e coñeceremos algo máis o noso barrio.
- **Rastexo fotográfico:** divididos en varios grupos, os usuarios do programa terán a encomenda de realizar unha serie de probas. Tas resolver estas desbloquearán unha fotografía, a cal será un punto significativo do noso contorno. Terán que atopar ese punto dar testemuño de lograr superar cada punto desta actividade, así avanzando lograrán rematar todo o rastrexo.
- **Multideporte:** aproveitaremos as mellores ocasións que o tempo nos permita para poder sair dos colexios e concertar coa natureza. Faremos o maior número de actividades posibles no exterior, así como decidir entre todos en assemblea cales levaremos a cabo. Entre elas estarán os nosos xogos con auga, brilés, xogos musicais, mini olimpíadas e calquer xogo que propoñamos facer.